

Convenio marco de colaboración

Reunidos

Dunha parte, a federación de asociacións de persoas con dano cerebral adquirido "Federación Galega de Dano Cerebral", con CIF G70191051, sita en Rúa Manuel María 6, 2º, oficina 2, 15705 – Compostela, en adiante "FEGADACE",

Doutra, a asociación científica e cultural "Sociedade Galega de Neuroloxía", con CIF. G15155426, sita no Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela, Rúa San Pedro de Mezonzo, nº 39, 15701 - Santiago de Compostela, en adiante "A ASOCIACIÓN"

En Santiago de Compostela, con data 9 de xullo de 2015.

Considerando

1) Que FEGADACE ten unha misión que a define como unha entidade sen ánimo de lucro de carácter social promovida polas entidades de dano cerebral adquirido (DCA en adiante) máis representativas da nosa comunidade autónoma, que busca mellorar a calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias en Galicia, así como defender os seus dereitos e ofrecerlles a oportunidade de exercelos.

E como obxectivos, o promover, fortalecer e consolidar a súa proxección social; definir, planificar e desenvolver a estrutura da Federación; fomentar o traballo conxunto coas entidades federadas, tanto na súa dimensión técnica, de goberno corporativo, como na súa base social (persoas con dano cerebral adquirido, familias, socios, voluntariado e colaboradores) e asegurar a sustentabilidade económica e mantemento da estrutura básica de FEGADACE.

Que aproximadamente o 78% das persoas con dano cerebral adquirido téñeno a causa dun ictus. O ictus é a principal causa de discapacidade adquirida, o primeiro factor de mortalidade nas mulleres e o segundo nos homes.

Aínda que a súa incidencia é enorme, o ictus é un gran descoñecido na sociedade. Aproximar o seu coñecemento á poboación é unha das prioridades de FEGADACE, co obxectivo de abordar o dano cerebral adquirido (DCA en adiante) desde o seu inicio; é dicir, antes de que se produza.

2) Que A ASOCIACIÓN ten como obxecto promover o desenvolvemento das Neurociencias, o estudo, prevención e tratamento das enfermidades neurolóxicas e dos aspectos sociais das mesmas, e como fins a) Promover o avance no estudo das enfermidades neurolóxicas, do seu tratamento e prevención, tanto nos aspectos científicos da Medicina como nos aspectos sociais; b) Promover o estudo das necesidades da atención neurolóxica en Galicia, facilitándolle á Administración o resultado dos seus estudos; c) Colaborar coa Administración no estudo e promoción da mellora das condicións de desenvolvemento das actividades profesionais dos neurólogos galegos nos diversos aspectos que abrangue esta actividade.

3) Que ambas entidades conflúen nun fin común, como é o sensibilizar á poboación sobre a sintomatoloxía do Ictus, os factores de prevención do mesmo, e por ende da discapacidade adquirida que pode causar (salientando o DCA), así como desenvolver actividades relacionadas coa divulgación dos aspectos sociosanitarios das enfermidades neurolóxicas.

Acordan

Establecer un marco de colaboración para o deseño e/ou execución e/ou avaliación de campañas e actividades de sensibilización, estudo e análise, sobre aspectos comúns a ambas entidades, nos seguintes termos:

Artigo 1. Do acordo previo.

As iniciativas que se queiran desenvolver terán que contar en primeira instancia co acordo e conformidade das partes.

Artigo 2. Das liñas xerais de intervención

As intervencións de sensibilización contarán con dous compoñentes complementarios, a saber:

a) Información dos síntomas de alarma do ictus, cunha mensaxe de impacto, esquemática, que os identifique desde a primeira visualización (Exemplo.- Os ítems principais son os seguintes: dor de cabeza aguda e repentina / parálise lateral / dificultade para falar / chama ao 112), así como información sobre hábitos de vida saudables como medidas de prevención.

b) Unha mensaxe secundaria que asocie o ictus como principal causa do DCA, aportando a información e o contacto da asociación de dano cerebral de referencia máis próxima ó emprazamento onde se desenvolva a intervención.

As intervencións de estudo, análise e/o divulgación de resultados, como as de sensibilización, serán previamente acordados conforme o Artigo 1, e adaptados en función das necesidades e requirimentos de cada unha das intervencións.

Artigo 3. Dos recursos humanos e materiais

A posta de recursos e medios a disposición para cada unha das intervencións será dirimido por cada unha das partes, previamente ó inicio da intervención.

FEGADACE comprométese a achegar o persoal técnico e voluntario preciso para o correcto desenvolvemento da intervención, así como o material de sensibilización que sobre esta materia obre no seu poder.

En todo caso cada unha das partes asignará a unha persoa como contacto para facilitar os fluxos de comunicación entre as dúas entidades.

Artigo 4. Das achegas monetarias e en especie.

As achegas monetarias, de ser o caso, postas a disposición para cada unha das intervencións serán dirimidas por cada unha das partes.

A ASOCIACIÓN comprométese a realizar achegas en especie, como é a achega de RRHH sanitarios para o apoio nas actividades onde así se acorde.

FEGADACE comprométese a desembolsar as liquidacións de dietas de desprazamentos do persoal pertencente a A ASOCIACIÓN e do persoal da súa propia entidade, necesarios para reunións e xuntanzas precisas entre ambas partes, co fin de garantir unha correcta execución das intervencións, así como o emprazamento propiamente dito das persoas que, no marco do presente convenio, participen das intervencións que xurdan como consecuencia da posta en práctica do mesmo.

Artigo 5. Do seguimento

Para cada unha das intervencións xerarase un sistema de avaliación e seguimento da propia intervención e de medición de resultados, a convir entre as partes. A realización do mesmo estará suxeito ó disposto no Artigo 2.

Artigo 6. Da visibilidade

Os materiais producidos como medio de campaña ou como consecuencia das accións de comunicación e visibilidade das intervencións, farán constar o logo e lenda, no caso de habela, de ámbalas dúas entidades, así como a mención “Colaboran”, independentemente da aparición doutras imaxes pertencentes a entidades financiadoras, no caso de habelas.


Calquera campaña de comunicación ou visibilización das intervencións conxuntas que se desenvolvan, consecuencia da posta en práctica do presente convenio, así como calquera xornada de difusión de resultados derivada das primeiras deberá contar co acordo previo entre as partes.

Artigo 7. Da sostibilidade

O presente convenio será revisable cada tres anos, a contar dende a data de sinatura, co fin de que as partes poidan consensuar a súa traxectoria conxunta, así como modificar, eliminar ou engadir os termos que sexan considerados a futuro.


E para que surta ós efectos oportunos, asíñase o presente Convenio, en dúas copias idénticas, en Santiago de Compostela, a 9 de xullo de 2015.

José Balboa Ayán



Presidente de
FEGADACE

Miguel Ángel Llana González



Presidente da
SOCIEDADE GALEGA DE NEUROLOXÍA